

PASOS PARA O ESTUDO

1º Reviso	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura rápida, orientativa, para centrarse na materia de estudo. - Vou decidir o que me da tempo estudar nesta sesión. Teño que escoller unha parte do tema para que me dé tempo aplicar todos estes pasos. - Só teño que ler os títulos e subtítulos do tema que vou estudar. - Se os hai, vexo os recadros, as fotos, e intento relacionalo co tema. - Pregúntome: será moi difícil isto?, lembro algo da clase?, que sei eu disto?, que me poden preguntar disto no exame?
2º Entendo	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura lenta e comprensiva. - Vou ler o tema unha ou máis veces, pero moi detidamente, sin intentar memorizar, só quero comprender, vouno ler despacio, mirando as fotos, os recadros, tanto no libro como na libreta. - Voume preguntando: isto que quere dicir?, con que está relacionado?, - O que non son capaz de entender márcoo como dúbida a resolver. - Se hai algunha palabra que non entendo búscoa no dicionario. - Non teño presa neste apartado, non debo pasar ao seguinte paso mentres non comprenda o que estou lendo.
3º Subliño	<ul style="list-style-type: none"> - Agora que xa o entendín vou <u>seleccionar</u> a información <u>máis importante</u>. - Collo o lápis ou o suñador e volto a <u>ler</u> de novo <u>párrafo por párrafo</u>, e ao mesmo tempo <u>pásolle unha raia</u> ou marco as palabras ou grupo de palabras que son <u>claves</u> para entender cada párrafo. - Teño que <u>subliñar</u> só as palabras <u>CLAVES</u> (son aquelas que teño que gravar na miña memoria). - Non pretendo <u>memorizar</u> nada, só subliñar o imprescindible. - Un <u>subliñado</u> está <u>ben feito</u> cando <u>ao ler</u> só o que está subliñado capto a <u>idea principal</u> do texto. - <u>Non</u> podo <u>subliñar</u> un <u>párrafo</u> <u>enteiro</u>, nin unha <u>oración</u> <u>longa</u> <u>enteira</u>. As conxuncións, preposicións, artigos, adxectivos sobran. Fíxome nos <u>nomes</u> e nos <u>verbos</u>.

	<ul style="list-style-type: none"> - Vou utilizar varios tipos de subliñado: en <u>círculo</u> poño a idea ou palabra clave, a <u>raia</u> pásolla ás palabras ou ideas secundarias, escribo no marxe de cada párrafo o <u>título</u> que eu lle poñería a <u>ese párrafo</u>. Tamén podo usar diferentes cores para distinguir o máis do menos importante.
<p style="text-align: center;">4º</p> <p>Esquematzizo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Partindo do subliñado vou elaborar un esquema coa información clave. - O esquema é coma o esqueleto do texto, non debe incluír párrafos enteiros nin oracións longas. É coma un telagrama do texto pero con liñas, chaves, guións, números, frechas, etc. - Elixo o tipo de esquema que vou facer: mapa conceptual, esquema numérico, de letras, de chaves, de guións, un cadro (coma este) ou un esquema mixto. - Collo unha folia en branco e anoto os principais títulos do tema deixando moito espacio entre eles. Despois anoto os subtítulos. Finalmente tento anotar a información subliñada. Todo isto debe estar unido con chaves, frechas, guións ou números. - O esquema debe ter a información mínima que hai que memorizar. - Se vexo que me quedou mal deseñado pásoo a limpo. - Podo facer tantos esquemas como apartados importantes teña o tema a estudar.
<p style="text-align: center;">5º</p> <p>Memorizo</p>	<p>Memorizo o esquema anterior dando os seguintes pasos:</p> <p>1º Leo o esquema e vouno enchendo oralmente, pero mirando polo libro ou libreta.</p> <p>2º Leo o esquema e, sen mirar o libro, intento enchelo oralmente coas miñas palabras.</p> <p>3º Memorizo o esquema: o leo e recito tantas veces como sexa necesario.</p> <p>4º Sen mirar o esquema nin o libro intento dicir o esquema e enchelo coas miñas palabras.</p>
<p style="text-align: center;">6º</p> <p>Repaso</p>	<p>O REPASO: Debes saber que por moito que estudiemos hoxe, se non repasamos pronto (en menos dunha semana) váisenos esquecer todo o memorizado, así que con tanto traballo que nos deu a sesión de estudo non podemos permitir que desaparezca. O que podo facer é o seguinte: na próxima sesión de estudo (non deben transcurrir moitos días), antes de comenzar todos estes pasos cun tema novo, adico 10 minutos para repasar o esquema que fixen na sesión anterior.</p> <p>LEMBRAL: En cada sesión de estudo adico 5 minutos a repasar os esquemas que fixen nas sesións de estudo anteriores.</p>